

O comezo da lexislatura 90-93, co PP de novo ao fronte do goberno da Xunta, presentava certas expectativas optimistas, baseadas tanto nas promesas eleitorais como nos primeiros contactos entre os responsábeis políticos da Xunta e os grupos ecoloxistas. Poucos meses depois do cámbio de goberno, tras unhas xornadas sobre reciclaxe nas que se convidou a participar a Adegá, Cuiña Crespo expuña en rolda de prensa o interese da Xunta en apoiar a reciclaxe como o eixo fundamental da xestión e tratamento de residuos. Contava tamén a promesa de Fraga de acabar cos incéndios forestais, e a oferta da Consellería de Agricultura e Montes para a creación dunha Mesa Forestal que, coa participación do ecoloxismo, elabora-se os eixos básicos da política forestal. A finais do 90, o Conselleiro da Presidencia clausurava o denominado I Encontro sobre Asociacionismo e Educación Ambiental, que contou coa participación dos principais grupos ecoloxistas da Galiza. As promesas continuaban na liña do programa electoral presentado polo PP, e no 90 a superficie queimada reducía-se a unha extensión similar á dos anos anteriores ao 89, depois de incrementar a Xunta fortemente o seu presuposto dedicado a tarefas de extinción. Pero o clima de entendimento entre o goberno e o ecoloxismo iría-se enrarecendo paseniñamente, e outros feitos, como a actuación decidida no caso da canteira do Pico Sacro, ou de Elnosa, ficarian como meras anécdotas no conxunto da xestión da Xunta. Os números anteriores de CERNA (antes ADEGA) dan testimónio do balance que apresentamos a continuación.

# BALANCE DE CATRO ANOS DE GOVERNO

por Manuel Soto Castiñeira

## O PROBLEMA DO LIXO E OS RESIDUOS INDUSTRIAIS

No tema do tratamento de residuos sólidos urbanos, os catro anos de goberno serviron unicamente para por de manifesto a saturación dos vertedeiros, a proliferación dos vertidos incontrolados e a magnitude dos problemas ambientais asociados.

Hoxe segue-se a falar de reciclaxe, entendendo por tal a incineración na futura planta a construír en Meirama. A reciclaxe do vidro choca coas dificultades previsíbeis nun país no que non existen plantas de fabricación, sen que desde a Xunta se teña tomado medida de apoio algunha. Ao contrario, a mesma Xunta xogou a favor do peche da planta de compost de Mougá (Ferrolterra).

Desde un punto de vista presupostario, a campaña Lixo Non/Galicia Verde, tendente a ocultar unha realidade que concellos e particulares viven día a día, contou con mais diñeiro (1167 millóns de ptas) que o que sería necesario para a construción de dúas plantas de reciclaxe e compost en condicións.

Recentemente criaron-se as Plataformas pola Redución, Reutilización e Reciclaxe en diferentes localidades, coa finalidade de facer fronte ao proxecto das incineradoras e fomentar a minimización e reciclaxe do lixo.

No que respecta ao tratamento dos aceites usados, presentado como un lo-

gro pola Xunta, pasou-se por encima da alternativa de rexeneración para optar pola incineración en condicións incontroladas, nos fornos de Cerámicas Campo. De pouco serviu a oposición do Grupo ecoloxista do Salnés ou de Tاراio, que denunciaron os efectos negativos sobre as importantes áreas de valor faunístico e florístico, ao queimaren-se os aceites nas inmediacións da Enseada do Umia (convénio internacional RANSAR de protección das aves) ou de Baldaio, espazo que goza de todas as loubanzas e nengunha figura de protección efectiva.

A última realización neste campo foi o proxecto de Somozas para o tratamento dos residuos industriais. Desde un comezo, contou non só coa oposición de concellos e empresas agropecurias potencialmente afectadas, senon tamén dos grupos ecoloxistas, que reclamaban alternativas menos agresivas co medio ambiente.

## A POLITICA FORESTAL

É quizá no eido forestal onde as alternativas ecoloxistas están mais maduras e detalladas, tendo resoltos en boa medida os problemas entre produción e conservación. A conservación da biodiversidade, a mellora e mantemento do bosque autóctono, a prevención da erosión e dos incéndios forestais son os elementos básicos das propostas ecoloxistas, e fundamentais tanto nunha política de conservación como de produción e desenvolvemento sostido a medio e longo



prazo. Trata-se de optar por un modelo produtivo variado no que as especies de turno longo teñan o seu lugar. A actual descapitalización do monte e a súa función marxinal na actual economía non deberían ser un obstáculo senon mais ben unha facilidade para rachar coa política repovoacionista herdada do anterior rexime.

Na práctica deu-se unha confrontación clara entre o modelo produtivista pregonado pola Xunta, no que apenas fican espazos para illas de conservación, e o modelo promovido polo ecoloxismo. O plano forestal fomenta a expansión do eucalipto ao tempo que deixa os denominados espazos sensíveis illados, rotos, diminuídos en extensión e falta da devida atención e cuidado. Se ollamos no cuadro, nos espazos sensíveis foron investidos tan só 224 millóns de ptas, cifra redícula cando se compara cos gastos en extinción de incendios (14.844 millóns) ou simplemente cos dedicados a pistas forestais

(1198 millóns), unha das actuacións mais negativas desde o punto de vista da conservación.

En definitiva, a política forestal complementa-se coa única alternativa industrializadora da actual Xunta, a baseada na instalación de varias fábricas de celulosa con procesos produtivos en recesión no mundo industrializado e condenados por todo o ecoloxismo internacional.

Porén, na Mesa Forestal, o debate sobre os modelos básicos do monte non tiña lugar, limitando-se a unha pobre discusión desde o punto de vista técnico de algúns aspectos do monte. A AGENG (Asemblea de Grupos Ecoloxistas de Galiza) abandonou a Mesa Forestal en Maio do 92. Posteriormente, a Xunta retiraría o Plan Forestal do Parlamento, para consensuar co PSOE un documento con contidos xenéricos que viabiliza-se a actual política forestal.

(pasa á páx. 4)

### A RECICLAXE DE PAPEL LINDA CON SAN CAETANO

Mentres particulares e algunhas institucións decidiron ao longo deste anos sumar-se á recollida selectiva do papel de cara a facilitar esta labor nas dependencias de San Caetano. As propostas chegadas tanto de grupos ecoloxistas como doutros partidos políticos foron desouvidas sistematicamente.

### DE RENDABILIZAR A NATUREZA Á SUA PRIVATIZACION

Rendabilizar a natureza é a máxima de certos profesionais con peso na Consellería de Agricultura e Montes. Pero como facé-lo?. En opinión de Enrique Valero, Sudirector Xeral do Medio Ambiente, temos que ir pensando na posibilidade futura de privatización da natureza.

### O LOBO, ESPECIE CAZAVEL NA GALIZA

Nunha recente publicación da Xunta, que leva o título de Guia das Especies Cazables de Galiza, inclúese como tal ao lobo, recomendándose a súa caza mediante batidas ou ao rececho. Así, non resulta estrano que as trabas administrativas para conceder idennizacións polos danos do lobo na gandeiría sexan insalváveis.



## SANEAMENTO E POLITICA HIDROLOXICA

No momento actual, a Xunta aínda non presentou o proxecto de Planificación Hidrolóxica que regule e estableza criterios de actuación en materia de saneamento, alén doutros aspectos non menos importantes da xestión da auga.

Están en execución os plans de saneamento das rias, elaborados hai anos, e que consisten principalmente na recollida das augas residuais e construción de pequenos emisarios sumarios no interior das rias. Na maioría dos casos estudados, as características destes emisarios garantizan unicamente un mellor reparto da contaminación, pero non a súa eliminación. Pero eso sí, absorven a maior parte dos gastos en saneamento que realiza a Xunta.

O mais grave da cuestión é que estas obras se fan sen visión das necesidades futuras, e en pouco contribuirán a acadar os obxectivos planteados pola CEE para os umbrais dos anos 98, 2000 e 2005. Hoxe son contadas as plantas de tratamento que dispoñen de tratamentos biolóxico secundario (para a eliminación de materia orgánica), cando en moitos casos será necesario chegar a un tratamento terciario.

## CONSERVACION DO MEIO NATURAL

A actuación da Xunta limitou-se a declarar como tais os espazos naturais de Corrubedo e do Xurés, sen que elo levase asociado, ao menos polo momento, aquelas medidas mínimas necesarias para efectivizar a conservación destes espazos. A declaración de Espazo Protexido para a fraga do Eume parece contar cun menor interese da Xunta, probablemente porque chocaría con dificultades de maior peso, inexistentes nos casos anteriores, entre elas o interese de Endesa de asulagar unha boa parte da fraga baixo as augas dun novo encoro. Os proxectados Parques Naturais de Ancares e Caurel dormen o seu sono, mentres a riqueza natural destas áreas se deteriora día a día.

Desglose das inversións realizadas pola Xunta no denominado capítulo de Meio Ambiente durante a última lexislatura (Fonte: Xunta de Galicia, 1993)

	MILLONS DE PTAS
<b>CONSELLERÍA DE AGRICULTURA E MONTES (34071.9)</b>	
Desenvolvemento Areas do Caurel e A Veiga	280
Estudos e inventariación do meio rural	127,5
Actuacións en Areas Recreativas	342,3
Campaña de Educación Ambiental (exposición itinerante)	76,5
Actuacións en espazos protexidos e sensíveis	224
Plan de recuperación de rios	624,6
Fomento da riqueza cinexética	313
Prevención de incendios forestais	6261
Vixiáncia e extinción de incendios forestais	12.556
Fomento e mellora da produccion forestal:	
Produción de planta e mellora xenética	390
Repovoacións forestais	8.200
Camiños en montes produtivos	1.198
Tratamentos selvícolas	2.624
Plagas forestais (procesionaria, altica)	305
Divulgación forestal	550
<b>CONSELLERIA DE INDUSTRIA (1150)</b>	
Planta de refugallo industriais de Galiza (Somozas)	1.150
<b>COTOP (5274.1)</b>	
Conservación e rexeneración de espazos naturais	1.308
Planificación hidrolóxica, avaliación de impactos, etc	956,7
Planificación e estudo da xestión e tratamento de R.S.U.	1.446,4
Xestión e tratamento de R.S.U.	396
Campañas Galicia Verde/Lixo Non, focos incontrolados de vertidos	1.167
<b>TOTAL MEIO AMBIENTE</b>	<b>40.496</b>

Pode observar-se como a maioría das inversións no campo forestal corresponden a accións de tipo netamente produtivo, en moitos casos con fortes consecuencias negativas para o meio ambiente. Entre as inversións consideradas como de prevención de incendios entran todas as obras de infraestrutura requeridas polo actual modelo (pistas, postos de vixiáncia, maquinaria e vehículos, etc) que en realidade teñen pouco de medidas preventivas. Os incendios forestais captaron o 46.5% das inversións totais. Os outros capítulos fortes constitúenos a planta de refugallo e os estudos ligados a elaboración do Plan de residuos da Xunta (incineración).

Actuacións como a concentración parcelaria de extensións cada vez maiores amazan con levar-se por diante espazos declarados de protección, e acabar co bosque autóctono en comarcas do interior da Galiza. Depois da luita de MEL neste eido, ven de criar-se a Plataforma Contra a Desertización da Limia. Noutro orden de cousas, nen as demandas das medidas de protección do lobo nen as prometidas idennizacións aos afectados se teñen feito chegar.

## EDUCACIÓN AMBIENTAL: O MUNDO DAS ACTITUDES

Con ocasión do mencionado Primeiro Encontro sobre Asociacionismo e Educación Ambiental, o conselleiro Dositeo Rodríguez saíu na foto na prensa do día seguinte acompañado de ecoloxistas. Elo non serviu para que algúns grupos ecoloxistas xá veteranos (Biotopo, Xevale, Cedenat, entre outros) fosen recoñecidos nos rexistros de Asociacións da Xunta de Galiza.

Pero aquel interese por contactar cos grupos ecoloxistas parece que terminou, e hoxe é a Dirección Xeral de Montes e Meio Ambiente Natural, aconsellada polos promotores e redactores do Plan Forestal, a que lidera o novo concepto de educación ambiental. A sociedade actual, din, é presa das ideas ecoloxistas contrárias ao progreso e o desenvolvemento. No documento do Plan Forestal dedicábase un capítulo a analizar a influencia do ecoloxismo na sociedade, e como conclusión decidiu-se destinar unha forte partida a programas de educación ambiental. En tales programas os grupos ecoloxistas non teñen cabida. Un exemplo disto constituiu-no o I Congreso Forestal "Español", financiado pola Xunta.

Estas campañas de concienciación veñen a ser como o contrapunto necesario ás ideas expresadas reiteradamente por Fraga, nas que manifestava o seu interese pola instalación de centrais nucleares na Galiza ou a preferéncia por rías industrializadas ao modo da de Pontevedra. Ideas que agora se trata de dotar de soporte científico, aínda que elo sexa con cargo ás arcas públicas. ■

## EMISARIO SUMARIÑO EN PONTEVEDRA

Cando se escriben esta liñas, a COTOP procedía a abertura do emisario submariño construído para o vertido das augas residuais de Pontevedra e Marín e dos efluentes residuais de ENCE. Segundo o convenio COTOP-ENCE, esta debería realizar unha serie de melloras que permitisen acadar uns mínimos na calidade do vertido, a cumprir en xaneiro de 1993. Case un ano depois da data límite, todo indica que os mínimos exixidos non se acadaron, se ben a Consellería mantén un absoluto mutismo sobre este particular, calificando de "datos confidenciais" unha información que afecta directamente a toda a poboación da comarca pontevedresa, e dun xeito xenérico a toda a cidadanía galega.

A COTOP está a ocultar unha información que debería ser de acceso libre para calquera que o solicite (segundo a Directiva 90/313 da CEE que regula o acceso a información sobre temas medioambientais). Isto só pode entenderse se hai un interese en proceder a marxe dos requisitos medioambientais mínimos contemplados no convenio.

Porén, o convenio COTOP-ENCE, aínda no caso de cumprírense as súas exixencias, non resolve o problema da contaminación na ría de Pontevedra. Nese convenio permítese o vertido de substancias organocloradas, entre elas as dioxinas, e esquece-se a existencia dos vertidos de Elnosa, con elevadas concentracións de mercurio. Os organoclorados son dificilmente biodegradábeis, e cando se transforman no medio natural poden dar lugar a outras substancias de persistencia indefinida e máis tóxicas. O mercurio acumula-se nos fondos da ría, e transforma-se en produtos tan tóxicos como o metilmercurio. As concentracións de mercurio e metilmercurio na ría de Pontevedra son anormalmente elevadas, en comparación coas demais rías galegas. Polo demais, o fenómeno da bioacumulación deste tipo de substancias fai que aparezan nos seres vivos en

concentracións moito maiores (entre mil e un millón de veces) que as existentes no medio mariño.

Sen dúbida, o emisario sumariño non é garantía para tan grave problema. A única solución real ten sido apuntada desde hai anos polo ecoloxismo: papel libre de cloro. Así, evitariase a xeneración de organoclorados nas fábricas de celulosa, e os vertidos de mercurio nas fábricas de cloro. No caso de Pontevedra é imprescindible ademais o traslado da planta de celulosa (coa modificación necesaria da tecnoloxía) fora da ría. ■

## RECICLAXE DE PAPEL

Retoma-se de novo a recollida de papel usado en Compostela, agora a cargo de COGAMI (Confederación Galega de Minusválidos). Confiamos en que non se trate da última acción electoralista dun goberno municipal, que ao longo de case tres anos foi incapaz de ofrecer un servizo axil e continuado.

Tamén na Coruña se comezou a falar, por primeira vez desde hai anos, dun plan de recollida selectiva de papel. En opinión dalgun, o principal obstáculo para esta recollida radicava no feito de que a empresa encargada da recollida do lixo podía ver rebaixados os seus ingresos previstos no contrato co Concello, ao diminuír a cantidade de lixo a recoller no caso de reciclar o papel. É hora de que dificultades tan artificiosas se vaian deixando a un lado. Falta por saber se nelo influenciou a actividade da recentemente criada Plataforma pola redución, reutilización, e reciclaxe, ou se trata unha vez máis do fervor preeleitoral.

En relación con isto, O MOPT puxo en marcha como experiencia piloto a entrega gratuita de 20.000 contenedores a concellos de todo o Estado. Os contenedores, deseñados para a recollida selectiva de papel e cartón, entregarán-se a aqueles concellos que os soliciten, sempre que teñan previsto un programa de recollida selectiva de papel e cartón, e contén con acordos de aceptación para a súa comercialización. ■



O domingo día 9 de outubro tivo lugar en Vigo unha manifestación convocada pola Plataforma para a Defensa da Ría de Vigo para opor-se ao proxecto de Petrovigo. Contrariamente ao dito polos medios de comunicación, Cerna puido corroborar unha elevada participación, por perto de 8.000 manifestantes. A continuación reproducimos o manifesto feito público pola Plataforma.

### COMUNICADO

As organizacións integrantes da Plataforma para a Defensa da Ría de Vigo, preocupadas pola constante agresión e degradación do contorno, queremos manifestar a nosa oposición a instalación de Petrovigo ou calqueira outra industria que supoña unha ameaza a nosa calidade de vida.

As razóns deste rexeitamento son, entre outras:

**Defensa** de máis de 10.000 postos de traballo que dependen directamente da calidade das augas (mariscadores, mariñeiros, mexiloeiros, etc.).

**Risco** de accidentes e contaminación mariña có elevado tráfico de barcos de gran onelaxe, que suporía unha hipoteca para o desenvolvemento turístico e a degradación das praias (Samil, O Bao, etc.).

**Agresións** as zonas naturais e paisaxísticas (Parque Natural das Illas Cies, Ensenada de San Simón, etc.).

Ensenada de San Simón, etc.).

**Consecuencias** directas para a cidade de Vigo: aumento de tráfico pesado pola beiramar, impacto urbanístico, etc.


Debemos evitar que a pasividade dos poderes políticos permita que o enriquecemento duns poucos supoña a ruína e a miseria dos sectores productivos dos concellos de toda a Ría de Vigo.

Pedimos a colaboración de toda a poboación para dar unha resposta contundente i esixir das autoridades competentes:

1º.- Un NON rotundo a instalación en Bouzas, ou no seu contorno, da estación de almacenamento e suministro de combustibles PETROVIGO S.A.

2º.- Que sexa aplicada con rigor e firmeza a lexislación para a non contaminación.

3º.- Esixir dos organismos competentes (Xunta, Goberno Central, Concellos, etc.) o saneamento integral da Ría de Vigo, de xeito inmediato. ■




## A CHOIVA ACIDA NA GALIZA (corrección de erros)

No anterior número de Cerna, páxina 24, reproducíu-se erroneamente un mapa sobre a situación da choiva ácida na Galiza. A continuación reproducimos correctamente o citado mapa.


**RESULTADOS DUN ESTUDO SOBRE A CORROSIVIDADE ATMOSFERICA NA GALIZA** (mapas correspondentes aos meses de inverno).

Entre as conclusións do informe de referencia (Dpto. de Enxeñaría Química, Univ. de Santiago) di-se: "os niveis de SO<sub>2</sub> determinados ao longo do ano poden considerarse altos... Detectou-se a existencia de acidez na auga de choiva nas zonas de influencia das centrais térmicas de As Pontes e de Meirama". Pode-se observar claramente como algunhas zonas son clasificadas como receptoras de choiva ácida (pH entre 4 e 5) e outras como receptoras de choiva lixeiramente ácida (pH entre 5 e 6).


# COS PEIXES E OS MARISCOS TAMEN HAI QUE SER LEGAL




**Pescada (Carioca)**  
Tamaño Mínimo Legal: 27 cm.




**Rapante (Meiga)**  
Tamaño Mínimo Legal: 25 cm.



**Sardiña (Xouba)**  
Tamaño Mínimo Legal: 11 cm.



**Xurel (Chincho)**  
Tamaño Mínimo Legal: 15 cm.



**Linguado**  
Tamaño Mínimo Legal: 24 cm.



**Nécora**  
Tamaño Mínimo Legal: 5,5 cm.



**Berberecho**  
Tamaño Mínimo Legal: 28 mm.



**Ameixa Fina**  
Tamaño Mínimo Legal: 40 mm.




**Percebe**  
Tamaño Mínimo Legal: 4 cm.

**Ameixa Rubia**  
Tamaño Mínimo Legal: 40 mm.

**Ameixa Babosa**  
Tamaño Mínimo Legal: 38 mm.

- ¡Deixa que se reproduzan!
- Rexeita as crias que non acadan o tamaño regulamentario.
- ¡Non colabores co furtivismo!
- ¡Non contribúas a rematar coa nosa riqueza pesqueira e marisqueira!

**Para non esgota-lo peixe e marisco en Galicia**



**TOMEMO-LAS MEDIDAS A TEMPO**



CONSELLERÍA DE PESCA  
MARISQUEO E ACUICULTURA